

INVESTIGAR Y ACTUAR: DIÁLOGOS COA SECRETARÍA DAS MULLERES DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Rebeca Raso Prazeres

[10.17075/magaaas.2019.001]

XORNADA

MULLERES E ANTROPOLOXÍA EN GALICIA. ANTROPOLOXÍA APLICADA NA ACCIÓN SOCIOCULTURAL

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Mércores, 12 de xuño de 2019



Consello da Cultura Galega

Xornada Mulleres e antropoloxía en Galicia. Antropoloxía aplicada na acción sociocultural.

12 de Xuño Santiago de Compostela

Investigar e actuar: diálogos coa Secretaría das Mulleres do SLG

Rebeca Raso Prazeres

A proposta deste artigo é discutir sobre a experiencia investigadora levada a cabo coa Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego. Esta buscou favorecer diálogos entre diferentes saberes e coñecementos localizados para comprender como as iniciativas relacionadas co sistema sexo-xénero desenvolvidas polos movementos sociais ten pautado e promovido mudanzas de cara a construción de sociedades mais xustas. Un obxectivo que está relacionado coa problemática de pensar outras concepcións de xustiza que teñen como un dos seus eixos fundamentais o sistema sexo-xénero, unha vez que as inxustizas derivadas dese sistema forman parte da estrutura social. Para lograr alcanzar os obxectivos propostos e a súa complexidade tomou como referencia as experiencias e técnicas da etnografía e da antropoloxía.

Dentro da problemática da investigación, a actuación do movemento feminista, dende diferentes perspectivas, ten sido determinante para provocar mudanzas nas formas de concibir a xustiza, o público e a política. Unha desas contribucións valiosas é a de Iris Marion Young que define de forma máis plural a categoría de opresión, entendendo que esta ten un carácter sistémico e estrutural amplo, envolvendo dende as institucións ata as accións, reaccións e interaccións cotiás das persoas. De esa forma as inxustizas sociais se sustentan nas estruturas sociais, non sendo suficiente as iniciativas que se restrinxen a distribución dos recursos, como defenden os idearios da xustiza distributiva, aínda que a distribución sexa un elemento fundamental para a súa garantía. Polo tanto, tamén se deben ter en conta aqueles aspectos ligados ao recoñecemento, que limitan as persoas oprimidas no desenvolvemento e exercicio das súas capacidades e na expresión das súas necesidades, pensamentos e sentimentos, que poden ser resumidos na idea de autodesenvolvemento e autodeterminación (AGRA 2002; 2016). Así, as inxustizas envolven tanto cuestións de distribución como de recoñecemento sustentadas por medio das estruturas sociais que funcionan, tanto no que se entende por ámbito público, como por privado. Polo tanto, as accións e medicinas de enfrontamento das mesmas deben incidir sobre eses puntos, utilizando os termos de Nancy Fraser (1996; 2011).

De esa forma, a experiencia que aquí se presenta buscou ofrecer con base nesas contribucións feministas unha análise sobre as iniciativas que visan mitigar as inxustizas relacionadas co sistema

sexo-xénero dentro dunha organización do movemento social que loita pola xustiza social, o Sindicato Labrego Galego (SLG), que son protagonizadas pola Secretaría das Mulleres. Dito isto, o que segue discute sobre o deseño metodolóxico, poñendo luz sobre o proceso realizado, finalizando cunha reflexión final con base nos resultados e nas conclusións alcanzadas.

Para responder ao amplo propósito da investigación, faise necesario aterrizar nun contexto e nas súas especificidades, pois é alí onde están localizadas as experiencias e os obstáculos aos cales os suxeitos se afrontan, para así poder comprender como son tratadas as cuestións das inxustizas do sistema sexo-xénero e a xustiza social. Mesmo que o contexto e a experiencia sexan singulares e únicas, elas poden contribuír para análises máis amplas (YOUNG, 2000; TARROW, 2012; TILLY, 2009). Así, escollín unha organización do movemento social como fórmula para achegarme a realidade dos suxeitos involucrados nas iniciativas; facéndose posíbel escoitar as súas voces e dialogar con elas.

Nese sentido, privilexie a experiencia singular do movemento labrego localizada na Galicia: o Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas (SLG). A escolla do SLG deuse por esta ter a experiencia única de ser dirixida por mulleres que se denominan feminista nos últimos 30 anos (1989-2019), o que o torna especial dentro do campo das organizacións dos movementos sociais que seguen marcadas polos padróns patriarcais de organización e lideranza. A isto, se suma o destaque a nivel internacional polo seu discurso reivindicativo e por levar a cabo iniciativas ao redor das cuestións de sexo-xénero, o que torna a unha referencia en termos de igualdade entre homes e mulleres dentro das organizacións de movementos sociais. Eses factores dan singularidade a organización, podendo dar pistas sobre os posíbeis efectos que determinadas iniciativas poden ter na vida cotiá das persoas involucradas nos procesos de organización social, así como na produción de novas prácticas e valores sociais capaces de interferir no sistema sexo-xénero que causan inxustizas. Outro factor son os poucos estudos sobre esa organización, pese a súa grande participación en diferentes ámbitos, e experiencias desenvolvidas sobre as problemáticas derivadas do sistema sexo-xénero nas organizacións sociais na Galicia.

A proposta metodolóxica buscou aproximarse de perspectivas teórico-prácticas que recoñezan a persoa investigadora como un suxeito partícipe do mundo, ou sexa, que non é un ser diferente nin superior daquel que se desexa investigar (LAW, 2004). Tamén recollo as críticas vindas dos estudos pós-coloniais que alertan para os prexuízos daquelas representacións de grupos sociais que por detrás das capas libertarias, o que fan é contribuír coa manutención de prácticas esencialistas e imperialistas que resultan en violencias epistemolóxicas. Así, preocupeime por non facer o papel de intermediaria das voces de outras que non son ouvidas, como son os/as suxeitos da investigación, pero si de tentar crear espazos de diálogos polo medio do cal esas voces poidan se expresar e ser ouvidas cando elas o fagan (CARVALHO, 2011; SPIVAK, 2010). O diálogo e as conexións entre diversos coñecementos, súas traducións e, aínda, por medio de teorías críticas coa dimensión ética e política é que se pode contribuír para alterar as relacións de poder, dos significados e dos corpos (HARAWAY, 1995; HARDING 1996).

Con esa perspectiva constrúin un deseño metodolóxico que se insire no campo de análise interpretativo, utilizando metodoloxías cualitativas. Esa escolla se dá por elas ofreceren estratexias e métodos máis adecuados para cumprir cos meus obxectivos. Nesa proposta, o proceso de

investigación non é lineal, e ten flexibilidade para axustarse a realidade e as oportunidades do estudo, ao tempo en que non perde de vista a rigorosidade que debe ter unha investigación.

As técnicas e seu uso

Nese campo busquei técnicas e métodos que privilexiase as voces, os coñecementos, as experiencias e os discursos dos suxeitos involucrados por me permitir unha maior aproximación das diferentes percepcións, motivacións e referencias que explican as formas e as transformacións ocorridas ao longo do tempo na vida dos suxeitos, así como na organización do movemento social e na comunidade da cal participan.

Tamén me parece relevante destacar que o deseño e a análise dos datos valorizou e enfatizou a importancia do proceso e das prácticas cotiás como sendo profundamente transformadoras, tal como defenden as perspectivas feministas e as experiencias populares. O que amplía a idea de que a transformación social vai máis aló de mudanzas das instancias de poder e das grandes revolucións, sendo fundamentais os cambios nas accións e formas de pensar cotiás sobre todos os aspectos da vida, o que implica a politización do privado. A maior parte dos grandes procesos de transformación están sustentados polos suxeitos que están a marxe da sociedade e dos postos de poder, un lugar no que habitualmente as mulleres fan parte. Así que busquei agregar valor a todo aquilo que está calificado como pequeno, insignificante e, moitas veces, invisíbel por tamén estaren rexidos polas lóxicas do sistema sexo-xénero (MÉNDEZ, 2008; ORTEGA, 2015; DELLAPORTA, 2013).

As técnicas utilizadas foron: a revisión bibliográfica e documental, a observación participante e entrevistas semi-estruturadas. Polas súas características, esas diferentes técnicas proporcionaron o acceso a diversos tipos de informacións. A combinación e o cruzamento dos datos recollidos e das súas interpretacións é o que fai da triangulación metodolóxica unha potente estratexia para unha interpretación máis complexa sobre o que se estuda.

Nese traballo, a revisión documental me permitiu analizar a información contida nos documentos, informes e noticias elaborados polo SLG e sobre el que tivesen as mulleres como protagonistas ou como foco de atención. A pequena cantidade de estudos sobre a organización e de noticias sobre ela, ademais da falta de información sistematizada e da inicial dificultade de acceso ao campo de estudo fixo co que o FOUCE, o xornal interno do SLG, fora unha fonte de datos moi relevante.

A súa análise meticulosa permitíume construír un mapa inicial sobre as principais iniciativas levadas a cabo inicialmente, polas mulleres e logo, organizadas na Secretaría das Mulleres do SLG. Tamén puíden achegarme as diversas problemáticas as cales as labregas están inseridas, na articulación que elas fan entre as loitas labregas e feministas, nos cambios ao longo do tempo e na súa relación co contexto político, cas influencias externas e cos suxeitos involucrados. Tamén puíde establecer os primeiros criterios de selección das persoas entrevistadas e dos focos de interese. Ademais do FOUCE, tamén foron analizadas as lexislacións, documentos producidos por outros movementos sociais, especialmente aqueles relacionados co labrego, feminismo e xustiza social.

A observación participante é unha das técnicas clásicas nos estudos antropolóxicos de corte cualitativo. Baséase no contacto directo, frecuente e prolongado no tempo da investigadora cos suxeitos nos seus contextos, sendo a propia investigadora un instrumento (TAYLOR;

BOGDAN; PIATIGORSKY, 1987). Esa técnica permite observar as actividades das persoas, as características físicas da situación dende o punto de vista de quen é partícipe dela, mesmo que ocupando posicións diferentes. Nese sentido, quen investiga observa ao mesmo tempo que actúa xunto cos suxeitos, intentando partillar o seu día a día, seus problemas, súas inquietudes e súas motivacións. De acordo con Caria (2002), esa técnica proporciona unha comprensión máis holística da realidade dos suxeitos tendo o foco nos procesos, relacións, conexións e interdependencia entre pezas compoñentes.

Neste caso, esta técnica proporcionoume unha visión máis completa dos diferentes ámbitos que conforman a complexidade da vida da organización sindical e das persoas que nela actúan, como súas tarefas político-organizativas, a familia, a comunidade, as súas actividades profesionais, sen esquecer das súas aspiracións, desexos, inquietudes e límites persoais e colectivos. Participei dunha serie de actividades da organización como o acompañamento e o desenvolvemento de algúns traballos e iniciativas que estaban a ser experimentadas durante os anos de 2014 a 2017.

Por outro lado, foi unha das técnicas máis difícil de iniciar e de levar a cabo. Como ocorre xeralmente coas organizacións dos movementos sociais, o primeiro contacto co SLG é fácil, pero a medida que intentaba profundar en informacións, datos e establecer contacto con determinadas persoas, encontreime con resistencias derivadas da desconfianza aos axentes externos, como é unha investigadora da Universidade. Esta aumentaba a medida en que evidenciaba o meu interese sobre as iniciativas internas da organización. Ese vínculo se sumou a miña pouca inserción no ámbito do movemento rural galego, o que me tornaba unha completa descoñecida para a grande parte do Sindicato. Necesitei ao redor de un ano para construír “pontes” (DESCOMBE, 2010) que me facilitasen acceder a dinámica do Sindicato, as informantes e a unha parte do datos. A construción desas “pontes” foron posíbeis pola miña presenza no movemento feminista galego, que me proporcionou referencias fiábeis.

A desconfianza funciona como unha auto protección, unha arma de defensa aos ataques que sofren as organizacións e as persoas que participan dos movementos sociais de esquerda (BECKER, 2009a; DENZIN; LINCOLN, 2012; DESCOMBE, 2010, GONDAR, 1999). No Estado Español as organizacións de corte nacionalista galega, euskera, catalana e andaluza ten sufrido unha especial represión que ven do período franquista. Ao que se suma o aumento de grao de criminalización dos movementos e a deturpación dos seus discursos perante a opinión pública. Unha situación que pode ser observada nas noticias con respecto aos movementos, súas organizacións e persoas que delas participan. Todo iso xustifica a necesidade de auto protección, polo tanto, un distanciamento e ocultación de datos e informacións que poidan ser utilizadas na súa contra.

Por iso, é habitual que nese período inicial de toma de contacto a primeira a ser investigada fora eu. Diversos foron os cuestionamentos (directos e indirectos) de por que, para que e para quen serviría esa investigación, demostrando preocupacións co uso e intencionalidade das informacións colectadas e da súa divulgación. Ese período de aproximación durou cerca de un ano e medio, en que gradualmente fun establecendo comunicación con “persoas-claves” que me permitiron colaborar e acompañar as actividades máis de preto. Ese acompañamento inicial tamén era unha forma de observar e examinar as miñas reais intencións co traballo a ser desenvolvido. As primeiras actividades eran menos comprometidas como mobilizacións e manifestacións. En seguida, empecei

con colaboracións en mesas e en actividades feministas promovidas pola organización. Logo participei de reunións, cursos, formacións, asembleas, encontros e o propio Congreso do SLG. As miñas colaboracións eran propostas dialogadas coa organización. Colaborei especialmente en temas de formación e dinamización con grupos de mulleres.

Colaborar e participar nas actividades permitíronme experimentar, dalgunha maneira, as dificultades, logros e os debates no interior da organización, que non están alleos ao sistema sexo-xénero. Poñer como prioridade as accións dirixidas ás mulleres, por exemplo, non era unha dificultade. Todo o contrario, é visto como unha necesidade, así como o de dar visibilidade as experiencias lideradas polas mulleres. A dificultade estaba en encontrar tempo para a organización, realización e mobilización para as actividades, xa que a carga de traballo das mulleres é moito maior que a dos homes. Elas son as encargadas por atender as tarefas reprodutivas da familia como os coidados de persoas dependentes e dos membros da familia, planificación e limpeza da casa-edificio, alimentación, etc., ademais de traballar e moitas veces liderar o traballo realizado na granxa, o que inclúe o traballo manual e burocrático. Esas dificultades son especialmente maiores coas mulleres de 20- 45 anos, dado que o seu número na poboación rural ten diminuído e é nesa franxa de idade na que se acentúa a tripla xornada, coas responsabilidades das persoas dependentes. A isto, se suma a pouca oferta de servizos básicos como transporte, gardería, colexios, centros de saúde, centros de día, entre outros que lles facilitase o traballo e diminuír o tempo dedicado ao deslucamento para acudir aos servizos. En consecuencia, sobra pouco tempo para a participación política, con pode ser a actuación dentro do SLG. Esa participación deberá ser aínda dividida en diferentes sectores e a Secretaría das Mulleres. Outra problemática identificada é a dificultade para introducir debates relativos as desigualdades de xénero dentro dos sectores produtivos, especialmente os mais industrializados, como o do leite. O mesmo ocorre coas propostas de cambiar determinadas dinámicas e estruturas, como o formato das asembleas e reunións, de forma que respondan máis as necesidades das mulleres.

Eses argumentos e problemáticas tamén son unha constante nas entrevistas seme-estruturadas, outra técnica utilizada nesta investigación. Foron realizadas 40 entrevistas a persoas integrantes do SLG (17 homes e 23 mulleres), as que busquei establecendo criterios baseados nos obxectivos do estudo, que nese caso foron o grao de participación na organización e nas súas actividades articulados tendo en conta sexo, idade, identificación sectorial da súa actividade agraria¹ e localización xeográfica de forma a compor un grupo o mais heteroxéneo posible entre as participantes da organización.

En grande medida, foi por medio da miña participación e colaboración coa Secretaría das Mulleres que conseguín acceder a maior parte das informantes. Moitas solo aceptaron concederme a entrevista por xa ter entrado en contacto comigo nesas actividades, fora esta motivada pola desconfianza ou por non se ver con capacidade para dar información. Coñecerme lles proporcionaba seguridade ou familiaridade. Situación que non ocorreu cando o candidato a ser entrevistado era un

1 É importante ter en conta a identificación sectorial da actividade agraria unha vez que a estrutura da organización tamén actúa como focos sectorizados, respondendo a organización da produción capitalista e Estatal, como: leite, carne, viño, flor, horta e pataca. Pero é importante resaltar que esa identificación dos suxeitos está relacionado coa principal actividade agraria dirixida ao mercado capitalista, ou sexa, ao sector que esa granxa debe declarar os seus ingresos para poder comercializar o seu produto de forma regularizada (legalizada), pero que non impide a combinación de varias producións agrícolas, sexa para consumo interno ou para pequenos intercambios locais. Conservando o que serían os policultivos característicos da produción labrega.

home. Coñecerme non influíu na concesión das entrevistas e si ser referendada por alguén que ocupase un cargo ou unha función no Sindicato.

As persoas entrevistadas son as principais protagonistas do estudo, o que quer dicir que foron as guías das reflexións e análises feitas (RAGIN, 2007). Esta técnica posibilitoume unha escoita activa e directa dos suxeitos que me axudaron a construír unha representación máis aproximada e fundamentada da vida social das persoas participantes desa organización, pero sen querer homoxeneizar ese grupo. Os discursos son parte significativa e significante da realidade social (RUIZ, 2009). Non obstante, hai que ter en conta que os discursos non son só aqueles fornecidos por medio das palabras, son tamén todas as prácticas as cales os suxeitos dan sentido a súa realidade. Por iso, as tres técnicas están intimamente articuladas.

Así que para a análise máis adecuada dos discursos tiven en conta o que se dixo, como se dixo, quen era o suxeito da fala, de quen se falaba e porque dixo o que se dixo (MONTAÑÉS, 2001). Cada suxeito leva consigo un enunciado cultural emocional, de clase, sexo-xénero, grupo de convivencia entre outros, ademais, conta con intereses específicos e non explícitos. Así que, ademais dos datos e percepcións fornecidas, as entrevistadas propiciaron unha análise das interlocutoras, permitíndome coñecer as relacións e as redes de identificación social que se estruturan ao redor dos suxeitos foco do estudo. Polo tanto, nas entrevista analizouse non solo o falado, sino que busquei superar o nivel do significado para chegar aos sentidos dos discursos. O que faise necesario estar atenta tamén a aqueles discursos ocultos e a todo aquilo que non é capaz de ser exposto por medio da linguaxe verbal (BOAL, 2009). Para unha maior precisión desas informacións e percepcións, instrumentos como o diario de campo son moi valiosos.

A maior parte das entrevistas tivo como escenario a Casa² (unidade de produción e reprodución da vida), en especial, a cociña da casa-edificio. Ese espazo mantense como público dentro do privado, que é casa-edificio. É un lugar onde as que son de fóra poden entrar, pero tamén é onde se mantén conversas íntimas. Lourdez Mendez (1988, 2008, 2017) xa tentaba para esa relativa e relacional forma de separar o público e o privado. As entrevistas realizadas nese espazo foron sempre mais fáciles e amenas. As respostas ás cuestións se facían mais a vontade, como se fora unha conversa entre veciñas. As persoas informantes parecían mais seguras dentro dese territorio en comparación coas entrevistas realizadas en cafeterías ou nas leiras das granxas. Aínda que a leira fora súa, o bar fora da súa aldea e estivesen, dalgunha maneira, nun territorio coñecido e escollido por elas, estas foron conversas máis complicadas para conseguir chegar as súas vidas, as súas experiencias persoais.

Entrar nas Casas foi como entrar en mundos particulares e diferentes do que eu tiña imaxinado, permitíndome contrapor as ideas do rural galego que representan nos libros e artigos onde prevalece o atrasado, o antigo e o romántico. Encontreime con leiras de todo tipo, con producións diversas, pequenas e grandes, en extensivo, ecolóxico, intensivo e de monocultivo industrial. Leiras que

2 Recollo as nomeclaturas, significados e diferenciacións que fai Lourdez Mendez sobre a Casa como espazo composto pola casa-edificio e leira e/ou pasto, onde as persoas labregas realizan todas as tarefas do sistema produtivo-reprodutivo. A Casa pode ser entendida como un espazo privado, pero dentro dela o público -privado voltan a aparecer, sendo que esa liña que os separa é relacional e flutuante (1988).

estaban ao lado da Casa e outras que estaban repartidas, “un cachiño aquí, outro alí”, e aínda aquelas que comparten os montes comunais. Entrei en casas-edificio reformadas ou non, pequenas e grandes, con pouca e con moita xente, conformadas por persoas maiores, adultas, mozas e crianzas. Localizadas mais e menos illadas xeográfica e tecnolóxicamente. As combinacións foron moi diversas, así como é a Galicia.

Coñecer a Casa tamén me proporcionou coñecer os membros da familia, os tempos e os traballos realizados polas entrevistadas. Foi común encontrar menores e maiores que estaban sempre sobre a atención das mulleres, fora ela a entrevistada ou non. As entrevistas tamén xeraban curiosidade aos membros da familia, principalmente cando a entrevistada era unha muller. A seriedade que representaba os instrumentos como a gravadora, un caderno e un bolígrafo e o longo tempo que nos que conversabamos promovían desconcertos, miradas curiosas sobre nós, era algo novidoso. En varias ocasións a curiosidade tamén era verbalizada “de que falastes?”, “para que é iso?”, “entrevista para onde?”.

Ser entrevistada tamén significa ser recoñecida. Un recoñecemento do valor e da importancia da súa voz, da súa opinión, da súa actividade. Sentín que ao propor as entrevistas as mulleres provocáballes un recoñecemento da súa profesión, do seu facer cotiá e das súas accións activistas no Sindicato. Iso era mais evidente con aquelas que non estaban acostumadas a falar en público, ou que nunca deran unha entrevista ou as que mesmo se destacando como lidereza local, non ocuparon espazos de representación política. Cheguei a escoitar algúns animados comentarios a terceiras persoas: “ela vai me facer unha entrevista (sonrisa)”, “Di que vou mañá, que agora vou atender esa rapaza que quere facerme unha entrevista.”.

En moitas ocasións as persoas resistíanse a concederme a entrevista, especialmente as mulleres. As negativas xustificábanse pola falta de tempo ou que non terían o coñecemento suficiente. Discursos como os que seguen foron repetidos unha e outra vez: “non sei se ten importancia o que che podo dicir”, “non sei se che vai valer, pero xa que viñeches...”; “a ver, eu non son a persoa adecuada, eu non sei de nada”. Pese as resistencias, o acto de ser entrevistada agrega valor ao individuo, dálle importancia o que se revelou nas expresións corporais como o nerviosismo e a inseguranza.

Resultados e conclusións

Dese proceso de investigación foi posíbel identificar unha serie de iniciativas para afrontar as desigualdades e inxustizas de sexo-xénero vividas polas labregas e analizar as causas e os posíbeis resultados alcanzados a partir da percepción dos suxeitos. As iniciativas poden ser clasificadas en 6 grande fronte de acción a partir da súa estratexia de acción. Pero iso non significa que estean illadas unhas das outras, se non todo o contrario. Elas están intimamente articuladas, respondendo a diferentes necesidades e públicos, complementándose en todo momento.

Esas son:

1) A autoorganización das labregas. Nestas se pode incluír a propia creación da Secretaria das Mulleres e os encontros anuais e locais de mulleres.

2) Acci3ns contra as violencias institucionais. Est3s son as reivindicaci3ns e demandas de cara ao Estado como cambios na lexislaci3n, axudas discriminatorias, etc, que representan unha das li3as mais antigas e a que o SLG, por medio da Secretaria ten ga3nado moito destaque como as conquistas das incorporaci3ns das mulleres a Seguridade Social e a Lei de Titularidade Compartida.

3) A Soberan3a alimentaria. Un debate a que a Secretaria lidera a nivel Europeo facendo a articulaci3n entre o movemento feminista e o labrego. Elas ten dado visibilidade a importancia do papel das labregas na produci3n de alimentos saud3beis no mundo ao mesmo tempo que denuncian as diferentes formas de opresi3n sobre as mulleres exercidas polo sistema capitalista e do sexo-x3nero en ambos movementos.

4) Intervenci3ns internas no SLG. Son todas aquelas iniciativas relativas a estrutura, discurso e acci3ns do Sindicato. Incl3e a paridade dentro dos 3rganos directivos e de responsabilidade, inclusi3n das mulleres no sistema de datos da organizaci3n, sexa ela a titular ou non da explotaci3n, a inclusi3n dunha sesi3n espec3fica das mulleres dentro do seu xornal interno, establecemento das iniciativas das mulleres con unha das li3as prioritarias de acci3n do SLG, entre outras.

5) Espazo de dinamizaci3n e coordinaci3n das traballadoras. Esta iniciativa ten o obxectivo de articular e mellorar o traballo desenvolvido polas t3cnicas do SLG no que respecta o traballo con mulleres e para as mulleres, nunha articulaci3n moi pr3xima a de autoorganizaci3n das labregas e o traballo t3cnico desenvolvido por elas.

6) Campa3as internas e externas. A mais importante 3 sen d3bida a camp3a contra as violencias de x3nero. Esta consiste dende acci3ns locais de mobilizaci3n, formaci3n e visibilizaci3n das violencias ata a nivel internacional, articuladas con organizaci3n movemento feminista e labrego como a Marcha Mundial das Mulleres e a *V3a Campesina*.

Esas iniciativas dirixidas a mitigar as inxustizas derivadas do sistema sexo-x3nero ten como protagonistas as mulleres, organizadas na Secretaria das Mulleres. Esas acci3ns acompa3an e est3n marcadas polos debates, presi3ns e experiencias do movemento feminista dende diferentes 3mbitos, ao tempo que elas tam3n responde as inquietudes, preocupaci3ns e necesidades concretas das labregas. As3 3 posible encontrar un discurso activo xa a partir dos anos 1980, a3nda que participaci3n das mulleres nos espazos de toma de decisi3ns e de responsabilidade do SLG fose moi pequena e non existira unha secretar3a como espazo de auto-organizaci3n das mulleres.

A creaci3n da Secretaria das Mulleres 3 un exemplo dese proceso. Ela nace en 1990, por un lado, sobre a presi3n do movemento feminista internacional sobre as organizaci3ns mixtas, e por outro, da necesidade da auto-organizaci3n das labregas para resolver as inxustizas vividas por elas. Esa iniciativa foi tomada por un grupo reducido de mulleres influentes dentro da organizaci3n e que ti3an un contacto m3is estreito co movemento feminista, entre elas estaba representante m3xima do SLG, electa recentemente (1989). Sen embargo nos primeiros 10 anos a falta de visibilidade das s3as acci3ns e da manutenci3n do n3mero reducido de mulleres que participaban das instancias de decisi3ns poden dar a idea de que as primeiras iniciativas van m3is na direcci3n de “arriba para baixo” que “de baixo para arriba”. Unha situaci3n que ten polo menos d3as causas: unha 3 o propio sistema sexo-x3nero que impide por medio de diferentes mecanismos a participaci3n das mulleres

nos espazos de políticos e públicos. E a outra é a falta de organización e de traballo de base relacionado coas problemáticas do sistema sexo-xénero no inicio da organización e legalización do SLG.

Nese contexto, as iniciativas protagonizadas por ese grupo de mulleres do Sindicato serviron para dar a coñecer as preocupacións oriúndas do movemento feminista que eran traducidas para a realidade rural galega. O FOUCE e os debates comarcais son lembrados como especiais estratexias para chegar as labregas e identificar problemáticas.

As primeiras vitorias e resultados das iniciativas levadas a cabo durante eses primeiros anos, reafirmaron a necesidade dese espazo, da continuidade das iniciativas e da integración das loitas contra as inxustizas do sistema sexo-xénero no conxunto do Sindicato. Unha das vitorias é con respecto á alta das labregas no sistema da Seguridade Social (1996). Esta era negada as mulleres coa xustificativa de que seus maridos xa estaban dado de alta en outro sector ou en outra granxa, o que impedía a súa cotización e a xestión autónoma dos seus recursos (compra e venda de animais, fincas, comercialización da produción, etc.). Esa vitoria contra o Estado Español representou máis que unha conquista puntual da Secretaría. Foi unha vitoria do Sindicato, reafirmando que a reivindicación das mulleres fan parte da loita por xustiza social, polo tanto, que o SLG debería continuar a actuar. Con iso, potenciase un discurso reivindicativo máis amplo sobre as limitacións afrontadas polas labregas no exercicio dos seus dereitos, especialmente con aqueles relacionados co Estado, tornando máis nítida a reivindicación do recoñecemento das labregas como suxeito de dereitos.

A reivindicación dese suxeito de dereitos implicou unha resignificación da identidade colectiva de “muller labrega”, baseada nunha revalorización dos corpos femininos, da dignificación das súas actividades e do papel social que exercen como produtoras de alimentos e mantenedora do rural vivo. En outras palabras, reivindicaban que foran recoñecidas como traballadoras, como persoas activas na sociedade, en definitiva, como cidadás. Esa resignificación é clara nas declaracións das labregas ao se afirmaren como labregas. É a partir desa identidade que elas identifican e discuten os impedimentos institucionais e políticos sistemáticos que limitan o desenvolvemento e o exercicio das capacidades individuais e colectivas, o seu autodesenvolvemento e autodeterminación. Condicións necesarias para a existencia da xustiza. Esas barreiras e limitacións relacionan tanto aqueles aspectos da xustiza relativos a distribución, como aqueles relativos ao recoñecemento, como discuten filósofas feministas como Iris Marión Young e Nancy Fraser.

Nesa traxectoria, a Secretaría das Mulleres toma un impulso importante, consolidándose en 2002 onde observase de forma máis clara a construción dun discurso reivindicativo máis amplo e de estratexias que articulaban as reivindicacións polo recoñecemento das labregas como suxeito para conseguir acceder a unha serie de dereitos (sociais, políticos e económicos) dos cales están (estaban) excluídas, marxinalizadas ou explotadas, así como no propio exercicio dos seus dereitos. Esas accións poden ser divididas en dúas: unha interna, buscando cambios na estrutura do SLG e outra externa, as accións dirixidas as administracións públicas, articulacións con outras organización e visibilidade das especificidades das labregas dentro do movemento feminista e do labrego.

Esa consolidación e a súa acción continuada nos anos seguinte reforzan a evidencia de ser un proceso colectivo emancipatorio, na medida en que as mulleres constrúen un discurso propio e buscan saídas individuais e colectivas para as situacións de inxustiza ás que elas, como grupo social, están sometidas na súa vida cotiá. Ese proceso é influenciado pola construción de espazos e actividades dirixidos por e para as mulleres, revelando ser contra-públicos eficientes (FRASER, 2011).

Unha grande parte das mulleres informantes inicia a súa traxectoria ou intensifica a súa participación política no SLG ou en outras a raíz dese espazo. Unha participación que para ningunha foi irrelevante. Afirmán sentiren seguras e capaces para ocuparen postos de responsabilidade grazas a súa participación na Secretaría das Mulleres e polo apoio de outras mulleres. Ademais, revelan sentir máis preparadas para abrir negociacións dentro de espazos “privados” como pode ser a Casa e a unidade familiar. Elas utilizan os discursos construídos na organización e no ensaio de estratexias no espazos da Secretaria para se reforzar e promover mudanzas en diferentes aspectos da súa vida como a abertura de negociacións sobre a propiedade dos medios de produción (titularidade da granxa) e a participación no Sindicato.

Ese proceso leva a identificación doutras problemáticas e cuestións apoiadas nos debates do movemento feminista e nas accións de outras organizacións. Nese campo son fortalecidos debates como a falta de participación das mulleres nos espazos de toma de decisións, incluso dentro das organizacións dos movementos sociais e o cuestionamento da división sexual do traballo.

Nese sentido, tamén ten relevancia as conquistas de dereitos dentro de institucións lexitimadas pola sociedade, como son o Estado e o Sindicato, para o alcance de mudanzas significativas nas condicións e oportunidades para a vida das mulleres. As normas e discursos deses espazos ordenan, estruturan e significan as persoas dentro da estrutura social. Desá forma, a conquista de dereitos por parte das mulleres neses espazos lles abren oportunidades para que elas tamén poidan empezar procesos de negociacións no interior da unidade familiar na busca polo exercicio de dereitos. Falamos de negociación, unha vez que a maior parte delas non están en condicións de igualdade cos membros da familia sexa en dereitos, económica ou social, polo tanto para exercer o dereito conquistado necesitan cambiar moitas veces de hábitos, costumes, valores e actitudes, como a división sexual do traballo, non só entre o que é o traballo da casa-edificio, se non na granxa como un todo.

Entre as iniciativas destaco as internas, como a paridade e as iniciativas que interveñen na dinámica sindical como as mudanzas nos horarios, lugar e formato das asembleas. Ese conxunto de iniciativas favoreceu que un maior número de mulleres ocupasen postos de representación, en consecuencia deu máis visibilidade a suxeitos moi activos, pero que antes non tiñan poder de decisión. Iso favoreceu a que as súas formas de acción discursivas pasasen a facer parte da dinámica sindical, dando unha maior heteroxeneidade aos espazos de toma de decisión. Con esa participación tamén se verifica cambios de dinámicas, aporte de ideas e de propostas innovadoras que acaban por ter bos resultados e se destacan fronte a outros. Ábreanse debates con respecto a representatividade dos sexos, o reparto e a valorización das tarefas/traballos e o cuestionamento das formas hexemónicas de entender a acción colectiva, incluso sobre os tipos e formas de lideranza política que queren promover. Este é o caso do sector da Horta, que ao ampliar o seu espazo político para outros

suxeitos e abrirse a outras formas de acción, conquistan unha maior participación, mobilización e elaboran accións concretas que melloraron a súa capacidade de negociación coas autoridades. Diante desas conquistas, outros sectores se aproximan desas prácticas e experiencias, como fai o sector da carne.

Ademais, o que é interesante dese proceso é que as problemáticas do sistema sexo-xénero non son vistas como inxustizas solo polas mulleres, se non, polo conxunto do Sindicato. Iso reforza a idea de inseparabilidade entre os dous paradigmas da xustiza e a súa potencialidade para repensar a xustiza e a política. Unha desas potencialidades é con respecto as mudanzas de comportamento nos diferentes espazos (especialmente na Casa e no Sindicato) polas persoas participantes do SLG e na percepción sobre o suxeito muller, non só polas mulleres, como tamén polos homes. Percíbense mudanzas con respecto as formas de argumentación e percepción sobre as desigualdades entre homes e mulleres, discursos mais inclusivos, atención as especificidades dos diferentes grupos sociais e da valorización das mesmas e incluso cambios con respecto ao reparto de tarefas. Mudanzas que poderían ser entendidas como sendo de carácter individual, pequenas e localizadas, pero elas parecen marcar tendencia dentro da organización e pasan a ser vistas como un proceso transformador dentro e fora do Sindicato. Por ese motivo, os actos cotiás das persoas activistas e traballadoras pasan a ser un punto importante a se levar en conta para a acción sindical.

Claro está que eses cambios non son feito dun día para outro. Eles son procesuais e ten por detrás cambios de normas e actitudes que abren espazos de negociacións e debates en diferentes ámbitos da vida. Son nesas negociacións ou no proceso de loita por dereitos cando as mulleres se deparan con outras inxustizas e barreiras impostas, agora non polas institucións directamente, se non, polos suxeitos mais próximos. Unha situación que, por outra banda, dificulta a resolución dos problemas dados os vínculos e as dependencias emocionais, económicas, sociais e ata políticas nas que se encontran as mulleres. Por iso, as mulleres tamén reforzan a necesidade de espazos como a Secretaria das Mulleres e que o discurso reivindicativo estea dentro da organización como un todo.

Tal situación reforza a idea de que o alcance da xustiza debe chegar aos ámbitos entendidos como privados, como a casa ou a familia, porque estas compoñen a estrutura social que sustentan as inxustizas. Por ese motivo, en xeral as mulleres revelan que a conquista de dereitos non garante o seu exercicio, principalmente cando estes non ten en consideración que as inxustizas relacionan aspectos distributivos e de recoñecemento. Aínda que sexan conquistas. Iso se observa claramente nos pésimos resultados ao longo dos seus 8 anos da Lei de Titularidade Compartida do Estado Español. Esa lei foi aprobada en 2011 representando unha nova conquista para a Secretaria das Mulleres do SLG que liderou esa loita a nivel Estatal. Esa lei ten un grande potencial para remediar as desigualdades distributivas entre homes e mulleres canto ao acceso aos bens, medios de produción, e logo, na garantía dunha serie de dereitos sociais adxuntos polo recoñecemento como traballadoras. Pero ela aínda non promoveu as mudanzas esperadas porque non ten en conta as limitacións do sistema sexo-xénero nos diferentes ámbitos, polo tanto, non proporciona oportunidades e nin favorece as condicións para que as mulleres poidan exercer tal dereito. Reivindicacións que a Secretaría sempre tivo moi clara, e sobre as cales continúa loitando para que ela sofra as modificacións necesarias e promova os cambios a que ela se propón.

A modo de conclusión, o deseño metodolóxico construído permitiulle penetrar na experiencia desenvolvida pola Secretaría das Mulleres do SLG e tamén do rural galego para analizar a aplicabilidade e as accións concretas que moitas veces quédanse no ámbito do abstracto. O proceso de autorganización, as labregas percibiron a necesidade de articular aspectos distributivos e de recoñecemento nas súas iniciativas e accións para enfrontar as inxustizas do sistema sexo-xénero. Inxustizas que son experimentadas na súa vida cotiá en diferentes espazos e ámbitos. Isto pon en evidencia a liña flutuante e relativa que separa o público-privado o personal-político nas súas vidas, como argumentan as teóricas feministas. Por outro lado, obsérvase que as iniciativas que non teñen en conta o sistema sexo-xénero obtén resultados insatisfactorios, pese a súa potencialidade.

Nese contexto, a Secretaría das Mulleres do SLG ten desempeñado unha importante labor de axente con grande capacidade de inferir na axenda política local e internacional, ao conseguir mudanzas nas esferas lexislativas e nos discursos de gobernos. Do mesmo modo, as súas iniciativas foron capaces de introducir novas prácticas organizativas, de participación política e nas actitudes diarias dos suxeitos dentro e fora do SLG. Accións que potencian transformacións sociais emancipadoras e nas que a pluralidade de suxeitos teñan cabida, abrindo espazo para repensar a idea de xustiza social hexemónica.

A pesar diso, os resultados son lentos ao que se suma o perigo dos retrocesos, sempre presentes e as dificultades da organización para dar continuidade as propias iniciativas por motivos da crise no mundo labrego. A intensificación do modelo industrial no rural galego acentúa todas as desigualdades, afectando de maneira particular as mulleres como grupo social, ademais de ser totalmente insostible ecoloxicamente e socialmente. As consecuencias son fortemente percibidas pola comunidade labrega que ten sufrido coa destrución das formas de vida, das redes sociais e medios de vida, imposibilitando a súa soberanía e autodeterminación.

Bibliografía

AGRA, Maria Xosé. Género y Justicia Social y Política. In: CAMPILLO, Neus (Org.). Género, ciudadanía y sujeto político: en torno a las políticas de igualdad. València: Institut Universitari d'Estudis de la Dona, 2002. 978-84-370-5354-7.

AGRA, Maria Xosé. Política e vulnerabilidade. In: POLÍTICA E VULNERABILIDADE, 31 mar. 2016, Pontevedra. Anais... Pontevedra: [s.n.], 31 mar. 2016. Disponível in: <<https://www.youtube.com/watch?v=JpXXELzfBUk>>. Acceso en: 13 dez. 2016.

ALVAREZ, Sonia E.; DAGNINO, Evelina; ESCOBAR, Arturo. Cultura e política nos movimentos sociais latino-americanos: novas leituras. Belo Horizonte: Editora UFMG, 2000. 978-85-7041-218-8

BECKER, Howard Saul. Outsiders: estudos de sociologia do desvio. Rio de Janeiro: J. Zahar, 2009a. 978-85- 378-0108-6

BOAL, Augusto. A estética do oprimido reflexões errantes sobre o pensamento do ponto de vista estético e não científico. Rio de Janeiro: Garamond [u.a.], 2009. 978-85-7617-167-6.

- CARVALHO, Bruno. Subalternidade e possibilidades de agência: uma crítica pós-Colonialista, de Gayatri Chakravorty Spivak. *Revista de Estudos Políticos* v. 3 , 2011. Disponível em: <<http://revistaestudospoliticos.com/subalternidade-e-possibilidades-de-agencia-uma-critica-pos-colonialista-degayatri-chakravorty-spivak-resenha-de-bruno-carvalho/>>. Acesso em: 27 xan. 2017.
- CARIA, Telmo H (Org.). *Experiência etnográfica em ciências sociais*. Porto: Edições Afrontamento, 2002. 972-36-0641-0.
- DELLA PORTA, Donatella; KEATING, Michael. *Enfoques y metodologías en las ciencias sociales: una perspectiva pluralista*. Madrid: Akal, 2013. 978-84-460-3062-1
- DESCOMBE, Martyn. *The good research guide for small-scale social research projects*. Maidenhead, England: McGraw-Hill/Open University Press, 2010. Disponível in: <<http://site.ebrary.com/id/10441962>>. Acesso em: 19 dec. 2013. 978-0-335-24140-8
- DENZIN, Norman K; LINCOLN, Yvonna S. *El campo de la investigación cualitativa*. Barcelona: Gedisa, 2012. 978-84-9784-308-9
- FRASER, Nancy et al. *Dilemas de la justicia en el siglo XXI: género y globalización de Nancy Fraser*. Palma-Islas Baleares: Edicions UIB, 2011. 978-84-8384-181-5.
- FRASER, Nancy. *Redistribución y Reconocimiento: hacía una visión integrada de justicia del género*. In: RADL PHILIPP, Rita (Org.). *Mujeres e institución universitaria en occidente: conocimiento, investigación y roles de género*. Rita Radl Philipp ed. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1996.
- GONDAR, Marcial Portasany. *Crítica da razão galega: entre o nós-mesmos e o nós-outros*. 3a ed. Vigo: A Nosa Terra, 1999.
- HARAWAY, Donna. *Saberes localizados: a questão da ciência para o feminismo e o privilégio da perspectiva parcial*. *Cadernos Pagu* v. 0, n. 5, p. 7–41 , 1995.
- HARDING, Sandra. *Ciencia y feminismo*. Tradução Pablo Manzano. 5. ed. Madrid: Morata, 1996. .84-7112-414-9
- LAW, John. *After Method: Mess in Social Science Research (International Library of Sociology)*. [S.l.]: Routledge, 2004. .
- MÉNDEZ, Lourdes. *Antropología feminista*. Madrid: Síntesis, 2008. .978-84-9756-540-0.
- MÉNDEZ, Lourdes. *Cousas de mulleres: campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940-1980)*. Barcelona: Anthropos, 1988. .84-7658-066-5.
- MÉNDEZ, Lourdes. *Cultura, que no natureza: a propósito de la mujer rural gallega*. Donostia, 2017.
- MÉNDEZ, Lourdes. *De las agricultoras a la política cultural. Dos prácticas etnográficas en una misma comunidad*. *Revista Nuevas Tendencias en Antropología* v. 2, p. 59–79 , 2011.
- MÉNDEZ, Lourdes. *O feito diferencial galego: Galicia fai dous mil anos*. Santiago de Compostela: Ed. Da Historia, 1999. 312 p. 1 v. .84-88908-12-1.

MONTAÑÉS Serrano, Manuel. Dinámica, funcionamiento y contenido de las entrevistas individuales y grupales. In: VILLASANTE, Tomás R.; MONTAÑÉS SERRANO, Manuel; Martín GUTIÉRREZ, Pedro (Orgs.). . Prácticas locales de creatividad social. Construyendo ciudadanía. Barcelona: Viejo Topo : Red de Colectivos y Movimientos Sociales, 2001. 978-84-95224-18-7.

ORTEGA LÓPEZ, Teresa María (Org.). Jornaleras, campesinas y agricultoras: la historia agraria desde una perspectiva de género. 1a. edición ed. Zaragoza, España: Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2015. (Monografías de historia rural, 11). 978-84-16272-96-9

RAGIN, Charles C. La construcción de la investigación social: introducción a los métodos y su diversidad. Bogotá, Colombia: Siglo del Hombre, 2007. 958-665-103-7

RUIZ, Jorge Ruiz. Análisis sociológico del discurso: métodos y lógicas. Forum: Qualitative Social Research v. 10 , 2009. Disponible in: <http://digital.csic.es/bitstream/10261/64955/1/Artc3%adculo20FQS20%28espac3%b1ol29.pdf>. Acceso en: 10 abr. 2015

SPIVAK, Gayatri Chakravorty. Pode o subalterno falar? Belo Horizonte: Editora UFMG, 2010. .978-85-7041-816-6.

TAYLOR, Steven J; BOGDAN, Robert; PIATIGORSKY, Jorge. Introducción a los métodos cualitativos de investigación: la búsqueda de significados. Barcelona: Paidós, 1987. .978-84-7509-816-6.

TARROW, Sidney. El poder en movimiento: Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política. Madrid: Alianza, 2012. 978-84-206-0958-4.

TILLY, Charles; WOOD, Lesley J. Los movimientos sociales, 1768-2008: desde sus orígenes a Facebook. Barcelona: Crítica, 2009. 978-84-9892-045-1

YOUNG, Iris Marion. La Justicia y la política de la diferencia. Trad. Silvina Álvarez. Madrid: Cátedra:Universitat de València: Instituto de la Mujer, 2000. .84-376-1826-6.